



A toda aquela persoa interesada en acollerse á opción de beneficiarse dun abono de transporte fáiselle coñecer as seguintes condicións:

Existen dous tipos de abono, para os cales se aplicará tanto nun coma noutro caso un 30% de desconto sobre o total das tarifas dos servizos de transporte comprendidos:

- Un **abono escolar**, válido durante o curso escolar e emitido para todas aquelas persoas que acudan a centros escolares e non dispoñan de transporte público gratuito subvencionado pola Xunta de Galicia.
- Un **abono mensual**, de viaxes ilimitadas e válido por períodos mensuais, emitidos para todas aquelas persoas que realicen periodicamente servizos de transporte repetindo os mesmos lugares de orixe e destino.

O abono e a súa correspondente tarxeta serán emitidos sempre e cando a persoa usuaria ou a responsable dela (pai, nai, titor ou titora) proporcione os seguintes datos sobre a persoa usuaria e beneficiaria do abono:

- Nome e apelidos
- Copia por ambas as dúas caras do DNI ou NIE ou pasaporte
- Fotografía tamaño carnet
- Servizo de transporte a realizar, con indicación de lugar de orixe e destino
- Duración do servizo de transporte e do abono

Páx. 1 de 2

Os datos poderán ser facilitados ben por correo electrónico no enderezo moran@morangrupo.es, por whatsapp no número 627.67.33.68 ou en persoa acudindo ás oficinas situadas na Avenida As San Lucas, 13, Mondoñedo (Lugo).

En todo caso serán tratados de maneira confidencial e aos que se lles aplicarán as medidas de seguridade correspondente segundo a *Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal*, o *Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal*, entre outros.

O modo de pago do abono poderá ser calquera dos seguintes que se presentan a continuación:

- En efectivo
 - i. Para poder obter o abono, será condición indispensable realizar o pago en efectivo da primeira cota no momento de facilitar os datos para a emisión do abono
 - ii. Os seguintes pagos deberán ser efectuados durante os cinco primeiros días de cada mes, non a mes vencido, senón a mes adiantado. No caso de que non se produza o pago neste período, a partir do sexto día cobrarase cada servizo de transporte realizado coa tarifa a aplicar sen desconto algún. No



momento de realizar o pago pola cota mensual pendente, descontarase o importe correspondente aos pagos xa feitos ata a data, para o que deberá presentar os títulos de transporte (billetes) correspondentes para poder regularizar o importe pendente

➤ Cargo en conta

- i. Para poder obter o abono, será condición indispensable facilitar os datos da conta bancaria na cal se xiren os cargos bancarios de maneira periódica. Para isto, será imprescindible cumprimentar un formulario SEPA que será proporcionado en la oficina da empresa de transporte no que se autorice a realización de cargos en contas bancarias de terceiros
- ii. Os cargos en conta realizaranse durante os cinco primeiros días de cada mes, non a mes vencido, senón a mes adiantado
- iii. No caso de que se reciba algún cargo devolto por parte da persoa titular da conta, as comisións bancarias correspondentes á devandita devolución serán cobradas na seguinte cota a cargar en conta

En ambos os dous casos, no momento de efectuar o pago será emitida a correspondente factura, como xustificante do servizo prestado e do pago realizado.

A tarxeta-abono será emitida tan pronto sexan recibidos os datos. A tarxeta será proporcionada á persoa usuaria ben a través da persoa condutora, ben directamente na oficina da empresa de transporte.

Páx. 2 de 2

O abono é persoal e intransferible. O abono só será válido para o servizo de ida e volta contratado e descrito no abono, tendo, así mesmo, unha duración temporal limitada. Vencida a validez do abono, a persoa usuaria deberá solicitar unha renovación do mesmo ou a emisión dun novo.

A persoa titular da tarxeta-abono deberá presentar sempre ante a persoa condutora o DNI, NIE ou pasaporte xunto coa tarxeta-abono sempre que vaia a acceder ao vehículo.

Mondoñedo (Lugo), a 28 de setembro de 2017